Exercicios de repaso, con solución

1. - PAU.- Explica polo menos tres funcións que leva a cabo as empresas na economía actual

2. - PAU Cita os elementos da empresa.

3. -¿Que son os inputs?

4. -PAU Fai unha clasificación das empresas atendendo á área de actividade na que desenvolven as súas operacións. Pon un exemplo

5. - Explica a teoría da tecnoestructura do Galbraith.

6. – Para Shumpeter, o sistema económico tende a estar nunha situación de equilibrio na que non existe o beneficio do empresario, ata que non aparece unha nova innovación. ¿Verdadeiro ou falso?

7. -Sinala as dúas concepcións teóricas dominantes sobre a Responsabilidade Social da empresa.

8. - Enumera todos os factores do ámbito xeral que consideres que máis directamente inciden na actividade da empresa.

9.- ¿Que indicadores debes analizar para poder determinar se unha empresa é pequena, mediana ou grande?

Solución

1. - PAU.- Explica polo menos tres funcións que leva a cabo as empresas na economía actual.

-Proporciona os bens e servizos que a sociedade necesita.

A empresa detecta as necesidades dos consumidores e cóbreas coa produción e distribución de bens e servizos.

-As empresas crean valor, é dicir, aumentan a utilidade dos bens.

-As empresas dirixen e coordinan os factores de produción.

Un trazo fundamental da actividade económica actual é que ninguén produce todos os bens que necesita para satisfacer as súas necesidades. Todos nos especializamos (electricistas, enxeñeiros, agricultores, administrativos, comerciantes...). As empresas son necesarias debido á *especialización e división do traballo* e porque o *proceso produtivo necesita ser organizado e coordinado.* Nas sociedades primitivas a produción era realizada por artesáns. Nas sociedades actuais as empresas son as únicas capaces de obter vantaxes da produción en masa, xa que son as que poden dispoñer dos recursos financeiros e organizativos necesarios para iso. A especialización ten a vantaxe de aumentar a produtividade, pero require a coordinación do proceso. Por exemplo, na produción dun automóbil, hai que asegurarse de que os distintos compoñentes sexan adecuados e que, unha vez ensamblados, se obteña un automóbil completo e en tempo e lugar axeitados.

2. - PAU. Cita os elementos da empresa.

Factores humanos. - Os administradores ou directivos e os empregados.

Factores materiais. - Capital físico: Edificios, maquinarias, equipos de informática, etc.

Organización. - Coordinación de todos os factores integrantes.

Contorno. - Todos os factores externos que condicionan a actividade da empresa.

3. -¿Que son os inputs?

Son os recursos ou factor produtivos (terra, traballo e capital) que se utilizan para producir bens e servizos.

4. - PAU Fai unha clasificación das empresas atendendo á área de actividade na que desenvolven as súas operacións. Pon un exemplo

Segundo o sector de actividade que desempeñan, as empresas poden pertencer a un dos tres sectores produtivos seguintes:

- Empresas do sector **primario**. Son as que extraen as materias primas que nos ofrece a natureza: empresas agrícolas, gandeiras, pesqueiras, e forestais.
- Empresas do sector **secundario**. Son as que transforman as materias primas en produtos elaborados: Produtoras de enerxía, construtoras e industriais (téxtil, naval, siderometalúrxica, etc.).
- Empresas do sector **terciario**. Son as empresas de servizos: comerciais (compravenda de bens), de transporte, ensino, sanidade, espectáculos, comunicación, ... e as financeiras (bancos, aseguradoras..)

5. - Explica a teoría da tecnoestructura do Galbraith.

Para os neoclásicos a figura de quen achegaba o capital era a mesma que a de quen a xestionaba, pero actualmente moitas empresas teñen gran tamaño e complexidade, e para dirixilas fai falta un grupo de profesionais expertos en diversas materias relacionadas coa actividade económica, son os tecnócratas (e forman a tecnoestructura). Diferéncianse, así, dos capitalistas, que son os que achegan o capital, os propietarios.

Ademais, o que buscan os capitalistas é a obtención de beneficios, mentres que os tecnócratas buscan un crecemento da empresa que lles achegue prestixio profesional.

6. –Para Shumpeter, o sistema económico tende a estar nunha situación de equilibrio na que non existe o beneficio do empresario, ata que non aparece unha nova innovación. ¿Verdadeiro ou falso?

Verdadeiro

7. - Sinala as dúas concepcións teóricas dominantes sobre a Responsabilidade Social da empresa.

Os que manteñen que o balance social e ambiental debe ser voluntario e os que propugnan que as empresas deben respectar as normas ditaminadas polas diferentes administracións a nivel nacional e internacional.

8. - Enumera todos os factores do ámbito xeral que consideres que máis directamente inciden na actividade da empresa.

Como son os factores relacionados co sistema socioeconómico do país, teremos en conta, entre moitos outros, a rede de transporte, o tipo de mercado do noso sector, o nivel impositivo do país, a estabilidade política, o nivel de tecnoloxía e a dispoñibilidade de man de obra cualificada, os costumes, etc.

9.- ¿Que indicadores debes analizar para poder determinar se unha empresa é pequena, mediana ou grande?

O volume de vendas ou facturación, a cifra de capital e o número de traballadores